

A FAMILIA SAMUNI

Stefano Savona, 2018

654

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2020 | V.O.S.G. | +12

Samouni Road (2018, 128')

Dirección: Stefano Savona

Guión: Stefano Savona, Léa Mysius, Penelope Bortoluzzi

Son: Jean Mallet

Fotografía: Stefano Savona

Montaxe: Luc Forveille

Animación: Simone Massi

Música: Giulia Tagliavia

Produtora: Picofilms (Francia), Alter Ego Production (Francia), Dugong Films (Italia)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.77:1

Idioma orixinal: Árabe

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (L'oeil d'or - Mellor documental), Sevilla 2018 (Premio especial 'Las Nuevas Olas')

FILMOGRAFÍA

Tahrir: Liberation Square, 2011

Palazzo delle Aquile, 2011

Spezzacatene, 2010

Cast Lead, 2009

Notes from a Kurdish Rebel, 2006

SINOPSE

Na periferia rural da cidade de Gaza, unha pequena comunidade de agricultores, a familia Samuni, dispónse a celebrar unha voda. É a primeira festa desde a última guerra. Amal, Fuad, os seus irmáns e curmáns perderon a seus pais, os seus fogares e as súas oliveiras. O barrio no que viven está a ser reconstruído. Replantan as árbores e aran os campos, pero unha tarefa aínda máis difícil recae sobre estes mozos superviventes: reconstruír a súa propia memoria. A través dos seus recordos, A familia Samuni traza un profundo retrato dunha familia antes, durante e despois dos tráxicos sucesos que mudaron as súas vidas para sempre.

Sesións especiais en NUMAX:

- Venres 13 de marzo, 19:15h:
Presentación de Paula Fernández Franco, activista de BDS-Galiza

«Destinado a marcar un fito na representación do conflito palestino-israelí»

Jay Weissberg, VARIETY



‘Quería devolverlles aos Samuni a existencia, deixar de enterralos baixo o peso dun suceso fatal’

Entrevista con Stefano Savona

Por Jean-Michel Frodon

En 2009 dirixiches *Cast Lead*, un filme feito con imaxes que rodaches en Gaza durante o ataque do exército israelí ao enclave palestino. Que te levou a facer este novo filme nove anos despois?

O obxectivo de *Cast Lead* era romper o bloqueo imposto polos israelís ás imaxes da súa operación militar. Non estaba pensado tanto como un filme, senón como un blog cinematográfico sobre o día a día, empezando polo momento en que logrei entrar en Gaza a pesar de que as fronteiras estaban totalmente pechadas. Filmaba todos os días, e ás tardes subía os vídeos a Internet inmediatamente para mostrar o que filmara, nun intento por facer unha crónica visual da vida cotiá durante o ataque. Non sabía gran cousa de Gaza, aínda que viaxara moito por Oriente Medio, pero exasperábame a cobertura mediática da guerra: tanto a aséptica que se facía desde fóra, sen ter nin idea do que estaba a pasar en realidade na Franxa, coma a pornográfica que se facía desde dentro e que só se centraba nos cadáveres, na dor e na violencia. Quería romper con esa dobre retórica que facía imposible entender o que lle estaba pasando en realidade á xente de Gaza. O filme que montei despois con eses fragmentos, *Cast Lead*, traza as pegadas dese proceso.

Foi nesa viaxe cando coñeciches a familia Samuni. Foi. Despois da retirada do exército israelí, o 20 de xaneiro de 2009, dei chegado á zona norte da Franxa e á cidade de Gaza, onde coñecín os Samuni, unha comunidade de agricultores que vivían na contorna. Até entón os 60 anos de conflito e ocupación non lles afectaran, e de pronto enfrontábanse, por primeira vez, a unha traxedia sen precedentes. Unha unidade de elite do exército israelí matara 29 membros da comunidade, a maioría mulleres e nenos. Os seus fogares e as súas leiras estaban completamente arrasados. Axíña dei en filmalos, pero xa desde o inicio sabía que tiña que facer outro filme sobre o que lle pasara a esa familia, un filme que non tería a mesma forma ca *Cast Lead*. Un filme que non se reducise a dar conta dun masacre ou a informar sobre o doloroso loito dunha familia enteira. Comprendín que tiña que enfocalo desde outro punto de vista, evitar esa situación en que un chega xusto despois dun suceso, cando este xa tivo lugar e as persoas só existen en tanto que vítimas, ou en todo caso están totalmente apesaradas polo horror que se abateu sobre elas. Desaparecen como individuos: a personalidade, a diversidade de cada persoa deixan de existir. Todo o que son, alén do suceso, todo o que eran antes e, en certo modo, o que serán despois, desapareceu. Eu quería devolverlles aos Samuni a existencia, deixar de enterralos, tanto os mortos como os sobreviventes, baixo o insupportable peso dun suceso fatal.

Quen é Simone Massi e por que o seu traballo era a resposta ao que estabades a buscar? Massi fixo unhas dez curtas en 20 anos, todas elas sobre a memoria da súa familia e outros veciños da súa aldea, no

centro de Italia. Lévalle aproximadamente dous anos facer un filme de cinco minutos. O seu estilo é moi homoxéneo e consiste en planos secuencia onde os elementos visuais se transforman decotino e o espectador transita dunha escala a outra dunha maneira moi poética. Usa desde hai moitos anos a técnica do esgrafiado, un procedemento que parte dunha superficie completamente negra e, mediante unha serie de trazos que eliminan o negro, coma o buril nun gravado, aparece a luz. Os seus debuxos teñen unha dimensión onírica, pero tamén son moi realistas visualmente, moi precisos, e iso permite conectalos con fotografías da realidade. Simone traballa exclusivamente a man, moi devagar. Creo que a enorme cantidade de tempo e de xestos manuais que implica cada debuxo engade unha dimensión documental en todo o que crea.

Non contemplabas a posibilidade de contextualizar os acontecementos?

Reflexionamos sobre iso, sobre todo no relativo a introducir marcadores cronolóxicos no filme, pero ao final decidimos inscribir esta historia nun contexto máis universal e que estivese canto máis «en presente», mellor. Por desgraza, nestes últimos anos en Gaza non cambiou practicamente nada; houbo outros ataques de Israel desde entón e todos os problemas seguen presentes. Por iso o filme ten lugar «en Gaza, hoxe». As datas dos acontecementos móstranse só nos créditos finais. Penelope e mais eu decidimos deliberadamente non mencionalas durante o filme (salvo a data do bombardeo, que si que se ve nas imaxes dixitais).

Tradución: Samuel Solleiro

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

